



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 12 DE SETEMBRO DE 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día doce de setembro de dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente accidental, Don José Prieto Pérez.- Concelleiros: Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendín. Non asiste Don Marcos Blanco Jorge.

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudo dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 5 de setembro do dous mil once.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-

1.- “Solicitud de información urbanística interesada por **Dona Maria Olga Montero Juste**, con domicilio a efectos de notificación en c/ General Palanca nº 1, pta.12, 46003, Valencia, con número de rexistro de entrada 3722. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Noelia Roddriguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 06.09.11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Rúa Extramuros nº 10-Alvaro Cunqueiro nº 13, a solicitude de **Dona Maria Olga Montero Juste**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

ACOMETIDAS DE AUGA.-

1.-“Visto o escrito presentado por **Don Manuel Moredo Rivera**, con domicilio en Rúa Baixa nº 3, San Payo, Vigo, no que prega se lle autorice a correspondente



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

acometida de auga para o inmovible sito en rúa Cruceiro, baixo, San Cristovo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

2-“Visto o escrito presentado por **Agro do Ribeiro 2009 S.L.**, con domicilio na N-120, A Quinza, Ribadavia, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda conceder o dereito de acometida para o uso industrial, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a) Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo".

INFORME DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.-

“Examinado o expediente promovido por **Don Antonio Meiriño González**, con domicilio na rúa Ribeiro nº 1, baixo, Ribadavia, en virtude da instancia nº 3448 de data 4 de xuño de 2008, solicitando licenza municipal para Apertura dun local destinado a comercio menor de semillas, abonos, flores e plantas nun inmovible sito na rúa Ribeiro nº 1, baixo, Ribadavia, actividade comprendida no Decreto 133/2008 polo que se regula a Evaluación de Incidencia Ambiental, RESULTANDO: que se cumpriron tódolos trámites de información pública así coma notificacións persoais aos veciños inmediatos incorporando os informes da Delegación Provincial de Sanidade e os informes técnicos municipais.- CONSIDERANDO: que o proxecto técnico en canto a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garantir a tranquilidade, salubridade e seguridade cidadá e a súa adecuación ao medio ambiente, suxeitarase ao informe que emita o Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.- Visto o Decreto nº 133/2008 e demais disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de goberno local acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza instada por Don Antonio Meiriño González, para a Apertura dun local destinado a comercio menor de semillas, abonos, flores e plantas nun inmovible sito na rúa Ribeiro nº 1, baixo, deste termo municipal, xa que no expediente observáronse tódalas prescricións que establece o devandito Decreto e disposicións complementarias”.

LICENCIA DE OCUPACION.-

Visto o expediente tramitado a nome de **Maria del Rosario Freijido Dávila**, veciña desta Vila, con domicilio na Travesía Santiago I, nº 7 (Fornos nº 3A), no que solicita licenza de primeira ocupación para dito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por



Ilmo. Concello
de
Ribadavia

unanimidade dos asistentes, tendo en conta que presentou certificado de fin de obra de data 29.12.2011 e consta no expediente informe da visita de comprobación realizada pola Técnica municipal con data 07.09.2011, acorda acceder o solicitado, concedendo licencia de primeira ocupación para o inmoible sito na rúa Travesía Santiago I, nº 7 (Fonos nº 3A), desta Vila.

LIQUIDACION COMPLEMENTARIA DO I.C.I.O.-

Visto o expediente tramitado a nome de Don Luis Fernández Regueiro, con domicilio na Quinza nº15, relativo a concesión de licencia para reforma e ampliación dunha adega para vivenda unifamiliar no devanti lugar, a Xunta de Goberno Local procede a practicar liquidación complementaria do I.C.I.O, quedando do seguinte xeito:

Liquidación do ICIO: A licenza non terá validez sen o previo aboamento dos dereitos municipais que constan na liquidación do Sr. Interventor. Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 10.861,92 €, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 282,41 € a ingresar.

Importe execución material / coste da obra:	10.861,92 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	282,41 €
Aboado por autoliquidación:	271,18 €
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	11,23 €

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.-

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

Non houbo.-

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde accidental, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.